

Review

Através Editora. 2014. 191 pp.
ISBN 978 84 87305 85 6

LOURIDO, Isaac

*Livros que nom lê
ninguém. Poesia,
movimentos sociais e
antagonismo político
na Galiza*

Antía Marante Arias
Christian-Albrechts-
Universität de Kiel/
Universidade
de Santiago
de Compostela

Nos últimos meses do pasado 2014, a editorial compostelá Através Editora vén de publicar, nas súas coleccións 'De nós' e 'Das ideas', dous títulos necesariamente urxentes, se entendemos como urxente a necesidade de revisarmos criticamente tanto as regras do xogo imperantes no sistema cultural galego como o xeito de aproximármolos a el desde unha análise crítica, distanciada e fundamentada. Falamos pois de ensaios como o de Helena Miguélez Carballeira, *Galiza, un povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*, e por suposto, da colectánea de artigos, comunicacións, textos de análise e recensións que Isaac Lourido —Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada— reúne no seu *Livros que nom lê ningué. Poesia, movimentos sociais e antagonismo político na Galiza*. Con esta achega, o investigador propónse reconducir o estudo do 'campo literario galego' e do 'sistema poético galego' desde aquelas 'teorías de base sociolóxica ou semiótica construídas por volta de noções como as de *campo*, *sistema* ou *instituíçon*' (13) para, en consecuencia, avanzar na renovación das ferramentas de análise e, ademais, no estudo daqueles produtos culturais que xorden, sobre todo, nas encrucilladas entre poesía, política e movementos sociais.

Livros que non lê ningué é un volume que dá acubillo a un conxunto de textos que Lourido creou para a súa difusión tanto dentro como fóra do ámbito académico. Deste xeito, a obra, artellada en tres partes principais —'Prefácio', 'Mapas teóricos' e 'Processos, prácticas, trajetórias'— combina materiais de natureza teórica, por exemplo, 'Arte e subersom na Galiza. Notas sobre investigación', con respostas a acontecementos culturais de actualidade ('Lois Pereiro no Día das Letras Galegas 2011'), estudos da traectoria de autores militantes ('A posición de Séchu Sendé') e un amplo conxunto de recensións críticas que foron publicadas entre os anos 2005 e 2012 en diversos soportes. O último verso do poema 'Top secret' de Séchu

LOURIDO, Isaac
*Livros que nom lê ninguém.
Poesía, movementos sociais e
antagonismo político na Galiza*
Antía Marante Arias

Sende (*Animais*, Através Editora, 2010) é recuperado por Lourido para darlle título a esta achega que, como subliñamos, malia a estar composta por textos que abranguen referencias ben diversas, incide de xeito global na vontade de atender ao estudo da poesía galega desde unha nova posición, aquela que rache coa convencional e favoreza o desenvolvemento dunha 'filología política da resistencia cultural' que levará aparelhada, entre múltiples recolocacións, a atención da poesía alén do libro ou a viraxe desde as críticas de poesía esencialistas, ou 'vicarias', en termos de Arturo Casas, cara ás integralmente sistémicas.

Entendemos, pois, que a atención ao lugar desde o que se enuncia é unha cuestión chave á hora de comprender o alcance real do proxecto de Lourido. Propoñemos, por esta razón, unha lectura do título atenta ás escollas do autor —teóricas, editoriais, obxectuais— que reforzan a súa toma de posición e amosan como, no canto de instalarse nunha observación conformista, dirixirá o seu interese, sobre todo, cara ao conflito e ás tensións subxacentes. A este respecto resúltanos de especial interese o discurso do investigador arredor dos modelos de normalización da lingua e cultura galegas plasmados no artigo 'contra a normalización' onde o procedemento é cuestionado en tanto que favorece 'a promoción acrítica dumhas *indústrias culturais* construídas en torno das supostas necesidades de *fazer país*' (57) e, alén, tal e como concluiu nunha entrevista para Praza Pública, 'se a normalidade passa pela promoción indiscriminada de qualquer produto que empregue o galego, a nossa cultura está condenada à desaparición'.

As bases teóricas polas que Lourido transita neste título conectan tanto coa liña de pesquisa escollida para a súa tese 'As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural: os casos quebequense, belga e galego' e o seu ensaio *História literária e conflito cultural. Bases para uma história sistêmica da literatura na Galiza* (Laiovento, 2014), recentemente publicado e galardoado co Premio Carvalho Calero de ensaio 2014, como cos traballos previos de investigadores como Xoán González Millán, Antón Figueroa, Arturo Casas ou do Grupo Galabra da Universidade de Santiago de Compostela. Ao diagnosticar o mal emprego que en moitos textos críticos se fixo da noción de campo cultural de Pierre Bourdieu ou da teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar, propónse unha análise onde a escolla dos achegamentos teóricos e os obxectos de estudo se encamiña a acadar coherentemente os obxectivos debullados no prefacio entre os que sobrancean a vontade de 'explorar as relacións entre campo académico, opinión pública e movementos sociais' (11), 'reconducir a pesquisa e a crítica de poesía ao ámbito da análise cultural' ou 'procurar a convergência entre investigación e ativismo' (11), entre outros.

Asemade, situar as coordenadas nas que se move Lourido como crítico e investigador é indispensable para valorar a congruencia da súa achega. Por unha banda, a publicación deste título en Através Editora, editorial da AGAL, reforza a súa importancia como axente difusor do pensamento alternativo expresado a través da vía reintegracionista. Incardinada na colección 'Através das ideas', a obra de Lourido convive coa de autores como, por exemplo, Carlos Taibo ou Teresa Moure para, en consecuencia, reivindicar e reforzar este espazo como acubillo de textos de referencia á marxe dun panorama editorial galego instalado nunha filosofía que pecha as portas ao reintegracionismo. Mais, ao mesmo tempo, a natureza de *Livros que nom lê ninguém* como colectánea de textos obríganos a atender a unha rede que conecta os diversos espazos de reflexión —físicos e virtuais, perpetuos e dramaticamente efémeros— da cultura alternativa transitados

LOURIDO, Isaac
Livros que non lê ninguém.
Poesía, movementos sociais e
antagonismo político na Galiza
Antía Marante Arias

por Lourido en diferentes xeografías. Sobrancean pois, no territorio galego e, máis concretamente, no eixo compostelán, os espazos do Cineclub de Compostela e o Centro Social O Pichel, a sección 'A palestra' de *Novas da Galiza* ou o *Protexa* (suplemento literario da revista *Tempos Novos*), as I Jornadas Galegas da Edición Independente ou I Congreso Internacional sobre Discursos Non Líricos na Poesía Contemporánea. Xunto a estas coordenadas galegas, cómpre destacar a activa presenza do autor no Espaço Galego dos Países Cataláns, o I Congrès de Joves Investigadors en Humanitats, o IX Encontros Bilbao Arte eta Kultura ou a revista zaragozana de Literatura Comparada *Tropelías*.

Por último, subliñamos como Lourido activa a reflexión sobre a necesidade de deitar unha primeira ollada sobre axentes e obras desatendidas pero chave en tanto que visibilizadoras do conflito(s). Trátase de autores como Séchu Sende ou Manolo Pipas, eventos como o Festival de Poesía do Condado ou a Semana de Poesía Salvaxe de Ferrol, as respostas estudiantís asociadas á protesta contra a Lei Orgánica de Universidades (2002), o movemento 'Nunca Máis', en resposta ao verquido do petroleiro Prestige, ou o estudo pormenorizado das estratexias político-poéticas dos autores asociados ao Colectivo das Redes Escarlata (X. L. Dobao, Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Oriana Méndez, Chus Pato ou Gonzalo Hermo). Todas estas escollas veñen reforzar a intención do programa crítico e investigador de Lourido, en tanto que discurso compensatorio que completa o estudo do sistema cultural galego coa consecuente visibilización de axentes e obras ás que a crítica non se asoma habitualmente.

Enfatizamos, pois, a importancia da publicación do *Livros que non lê ninguém* de Isaac Lourido, en primeiro lugar e en termos prácticos, por permitírnos acceder a un amplo conxunto dos seus materiais, algúns inéditos, outros espallados en diversos soportes hoxe extintos como Galizalivre.org ou Vieiros. En segundo lugar, por tratarse dunha chamada de atención sobre a necesidade de escribir desde outro espazo, aquel que tamén é sensible ás historias dos lembrados no colofón, a do activista anticarcerario Xosé Tarrío ou a poeta Patricia Heras (recentemente visibilizada grazas ao documental sobre corrupción policial *Ciutat Morta*). Trala lectura, concluímos que *Livros que non lê ninguém*, malia á natureza heteroxénea dos textos que o conforman, sobrancea como novo capítulo do coherente proxecto do autor. Lourido deita luz sobre a urxencia de estudar a poesía como potente medio de intervención social, reflexiona sobre os outros posibles achegamentos críticos aos produtos culturais de noso e, sobre todo, amplía a nosa reducida visión ao enfocar moitos dos ángulos mortos da nosa cultura.